

Henrique
del Bosque Zapata

Desobediencia civil

Unha estratexia para a
resistencia e a dignidade

EDICIÓN
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

Henrique del Bosque Zapata



Henrique del Bosque Zapata (Ourense 1959) é licenciado en dereito e docente xubilado. Colaborou en diversas revistas e publicacións como *Vieiros*, *A Nosa Terra*, *Praza*, *Sermos Galiza* e *Nós Diario*. Ten publicado diversos libros de temática xurídica e política como: *Lexislación para o profesorado. Guía práctica* (Xerais, 1993); *Guía dos dereitos do profesorado* (CIG-Ensino 2001); *Dereito de autodeterminación, un potencial democrático* (A Fenda, 2010); *E logo, temos razóns para ser nacionalistas?* (Xerais, 2014) e *Súbditos ou cidadáns?* (Xerais, 2020).

Resistir a opresión

Que significa resistir?

Unha das acepcións de resistir é a de reaccionar en contra de algo ou de alguén que agrede ou oprime, opoñéndose a esa acción para non ser dominado. Podemos deseguida comprobar que se trata dun concepto impreciso, no que algunhas veces se salienta o carácter pasivo mentres que noutras vai ser o xorne activo o que predomine. De feito, case que podemos achar tantas definicións coma autores tratan, ou trataron ao longo do tempo, o tema da desobediencia e da resistencia á opresión. Feita, pois, esta apreciación pasamos ver agora algunhas fasquías que nos axuden a reflectir e a nos achegar axeitadamente aos seus trazos xerais a fin de entender mellor o seu significado social e político.

Así, por unha banda, resistir consiste en reivindicar o dereito a decidir o tipo de vida que se quere vivir e a empregar os medios necesarios para logralo, tendo en conta os contextos socio-culturais nos que se actúa¹. Constitúe, tamén, un mecanismo en mans do pobo que se fai valer fronte os gobernos ou Estados que vulneran os dereitos humanos². A resistencia está, ao mesmo tempo, vencellada tanto á idea de que o poder depende da colaboración e da obediencia da maioría da poboación como a de que os métodos utilizados para socavar esa lealdade e submisión poden ser moi diversos³. Neste sentido, a noción de resistencia alude ao exercicio dunha acción de oposición, é dicir, da negación a ceder perante as manifes-

1 VV.AA.: *La resistencia civil. Estrategias de acción y protección en los contextos de guerra y globalización*. Universidad Nacional de Colombia. Programa de Iniciativas para la Paz y la Convivencia, PIUPC, 2004, pp. 12.

2 VV.AA.: *La resistencia civil. Estrategias de acción y protección en los contextos de guerra y globalización*, op.cit. pp. 52.

3 Gilma Liliana Ballesteros Peluffo: *Desobediencia Civil: un análisis político*. Universidad de Granada. Instituto de la Paz y los Conflictos, 2014, pp. 315.

tacións da dominación⁴. Outro aspecto que cómpre igualmente salientar é que no canto de considerala coma un dereito *stricto sensu*, resulta moito máis axeitado entender a resistencia coma un principio político. Un principio que ten a súa orixe tanto na teoría do contrato social coma na da soberanía popular, dado que ambas teorías recoñecen á lexítima defensa do pobo para combater o despotismo e para facer fronte diante da vulneración dos seus dereitos.

Este desafío á autoridade ten, ás veces, un alcance restrinxido e limitado, dirixido contra determinadas leis ou actos de goberno, caso no que adopta un claro matiz reformista. Noutras ocasións, sen embargo, acada unha dimensión moito máis ampla, o que acontece cando se pon en cuestión o sistema político. Caso, este último, que adoita corresponderse naquelas situacións de grave opresión e nas que pode adquirir, deste xeito, un tinte máis revolucionario⁵. Cómpre, xa que logo, ver a resistencia á opresión como unha figura xenérica que engloba unha grande variedade de xeitos de reaccionar contra os abusos no exercicio do poder. Entre os mesmos áchanse expresións tan diversas como a revolución, a rebelión, a subversión, a insurxencia, a resistencia civil ou constitucional, a isubmisión, a obxección de conciencia, a desobediencia civil ou a protesta social, entre outras, e onde os límites entre algunhas delas resultan, case sempre, pouco precisos. De feito, o dereito de resistencia ten unha natureza e uns caracteres pluridimensionais que dificultan enormemente calquera intento de lle dar unha formulación pechada e concisa. Resumindo, e acolléndonos a un enfoque suficientemente folgado, podemos dicir que resistir comprende todo aquel abano de condutas que se enfrontan co

4 Julio Quiñones Paz: <<Sobre el concepto de resistencia civil en ciencia política>>, *Ciencia Política*, Núm. 6, (2008), pp. 152.

5 Aline Rivera: *La resistencia a la opresión, un derecho fundamental*. CENEJUS, 2009, pp. 44-47 e 53.

poder e a autoridade, xa sexa para cuestionar tanto a súa lexitimidade como a xustiza da súa actuación⁶.

Dimensións da resistencia

Aínda que neste traballo nos imos centrar na figura da desobediencia civil, xa que dadas as condicións actuais podemos considerala como unha das estratexias mellor acaídas para actuar dentro dos sistemas formalmente democráticos, cómpre facer mención da multiplicidade de aspectos e manifestacións que implica resistir á inxustiza e á opresión. Porén, a este respecto e como xa dixemos, non resulta doado delimitar os estremeiros entre toda a variedade de figuras e fasquías que incorpora. Mais, o que si podemos ter en consideración é que a desobediencia civil constitúe unha manifestación evidente e indiscutíbel de resistencia. Imos xa que logo, a seguir, ver como se entenden e formulan algunhas destas dimensións.

Revolución e levantamentos populares⁷

Cando se fala de revolta ou de motín popular, por regra xeral acostuma referirse a unha protesta espontánea e de curta duración contra decisións ou actuacións políticas que lesionan e prexudican os intereses e o benestar dun sector delimitado da sociedade. Adoita caracterizarse polo seu desenvolvemento

6 Juan Ignacio Ugartemendia: <<El derecho de resistencia y su constitucionalización>>, *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, Núm. 103, (1999), pp. 214.

7 Para unha aproximación ao concepto de revolución ver: Julio Quiñones Páez: <<Sobre el concepto de resistencia civil en ciencia política>> op. cit. pp. 150-176. Ermanno Vitale: <<Cambio político, constitución y derecho de resistencia>>, *Isonomía. Revista de Teoría y Filosofía del Derecho*, Núm. 32, (2010), pp. 34-36. Luis Alberto Pérez Llody: <<La resistencia política como derecho fundamental>>, *Revista IUS*, Núm. 38, (2016), pp. 21-29. Luis Villoro: <<Sobre el concepto de revolución>>, *Revista del Centro de Estudios Constitucionales*, Núm. 11, (1992). Carlos L. Asensio Alonso: <<Una discusión teórica en torno al concepto de “revolución”>>, dispoñíbel en: <https://www.redalyc.org/pdf/181/18126057024.pdf>. André Decouflé: *Sociología de las revoluciones*. Oikos-Tau, 1975.

to desorganizado e con características limitadas e localizadas. Precisamente, este carácter espontáneo implica a carencia tanto dun programa elaborado como a dun obxectivo ben definido. Non entanto, e malia o anterior, a revolta pode significar o comezo de protestas máis organizadas, masivas, profundas e sistemáticas que desemboquen nun proceso de rebelión ou de insurrección xeralizada.

Dun xeito diferente, a rebelión implica un levantamento masivo, organizado e cun contido político ben definido. Neste sentido, a rebelión adoita expresarse coma un levantamento violento ou armado contra determinadas medidas gubernamentais consideradas inxustas ou ilexítimas. Mais, como veremos a seguir, vaise diferenciar da revolución en que o obxectivo da resistencia rebelde non consiste na conquista do poder ou na instauración dun novo rexime senón na procura da mudanza de determinadas medidas ou actuacións.

Polo que respecta á revolución, considérase que a concepción política moderna da mesma se formula por primeira vez na *Glorious Revolution* inglesa de 1688. Porén, van ser a Revolución das colonias norteamericanas e, sobre todo, a Revolución Francesa as que xeralicen e consoliden o seu significado actual. Estamos, nesta concepción, a referirnos a un acontecemento excepcional que creba os alicerces sobre os que se asenta un sistema establecido. A revolución evoca, pois, unha nova orde coma resultado dun proxecto político que se que-re instaurar fronte a un modelo anterior e onde o pobo asume un protagonismo indiscutíbel. Ten un sentido de ruptura e de innovación, no que o motor principal consiste no desexo de transformación radical e nas arelas de liberdade. Neste caso, a resistencia ten como finalidade a mudanza total dun modelo xurídico, político, económico ou social. Así, polo xeral, implica un amplo movemento colectivo que racha co consenso e cos criterios que xustifican os fundamentos da lexitimidade, propoñendo outros que os substitúan. Mais, xeralmente, as re-

volucións non adoitan comezar cun propósito consciente de mudar radicalmente a orde constituída, senón que ao longo dun proceso de seu, ás veces breve e violento, vaíse forxando a construción dun outro modelo social que rexeita e substitúe ao anterior. Esta ruptura da orde establecida vai supór fondas e duradeiras transformacións na sociedade e na historia.

Resistencia constitucionalizada e Resistencia constitucional

Achámonos aquí en presenza dunha situación de constitucionalización da resistencia, é dicir, aquela situación onde a resistencia pasa a estar recollida na mesma Constitución co obxectivo de defender os fundamentos establecidos na propia orde constitucional fronte a posibles ataques internos ou externos ou contra accións de poderes usurpadores. Este recoñecemento do dereito de resistencia dentro do constitucionalismo ten a súa xénese nos procesos revolucionarios norteamericano e francés, xa mencionados no apartado anterior. O fundamento deste recoñecemento está na idea de que a resistencia vai asociada ao carácter inalienábel de certos dereitos considerados básicos, fundamentais e imprescriptíbeis, tal e como se recollía na “Declaración de Independencia” das Colonias de 1776, na “Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán” de 1789 e na Constitución Francesa de 1793. Con posterioridade a estes acontecementos, moitas das novas Constitucións liberais naciadas ao abeiro daquelas dúas revolucións reafirmaron o dereito de resistencia popular fronte á autoridade e na defensa dos dereitos e principios constitucionais. Coma mostras salientabeis, cabe sinalar os exemplos da Constitución da Banda Oriental de 1813 ou o da Constitución mexicana de Apatzingán de 1814, en Latinoamérica. Na actualidade, e malia ao medo e suspi-cacia que de sempre provocou esta figura nas elites políticas, algunhas Constitucións incorporárona aos seus textos. É o caso do art. 20 da Lei Fundamental de Bonn, na Alemaña; o art. 21 da Constitución da República Portuguesa de 1976; o art. 120

da Constitución Grega de 1975; o art. 3 da Constitución de Lituania, de 1992; o art. 3 da Constitución de Honduras de 1882; os arts. 87 e 88 da Constitución de El Salvador de 1983; o art. 138 da Constitución de 1992 de Paraguai; o art. 46 da Constitución de Perú de 1993; a Constitución arxentina de 1994, no seu art. 36; a Constitución ecuatoriana de 2008, no seu art. 98 ou a propia Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu preámbuo⁸.

Con outro matiz, para autores coma Ermanno Vitale⁹, a expresión resistencia constitucional debe entenderse como un tipo de resistencia encamiñada a vixiar e a facer cumprir os principios e valores democráticos e constitucionais fronte á súa desatención, abandono ou vulneración polos poderes que configuran e constitúen as relacións da nosa sociedade, cabendo incluso que o resistente se sitúe fóra da legalidade. Neste sentido, o que esta figura procuraría é o compromiso cidadán coa defensa dos principios básicos da orde xurídica e da política democrática; un compromiso dirixido contra os actos de violación dos dereitos e garantías fundamentais ou contra as tentativas ditatorias. Non se trataría, pois, dun dereito ou dun mecanismo cívico contra o poder do Estado, senón dunha medida extraordinaria para restabelecer a democracia cando esta sexa abolida ou estea ameazada¹⁰.

8 Sobre a constitucionalización do dereito de resistencia ver: Roberto Gargarella: <<La última carta. El derecho de resistencia en situaciones de alienación legal>>, *SELA (Seminario en Latinoamérica de Teoría Constitucional y Política) Papers*, 24, (2003). Giuseppe Franco Ferrari e Antonello Tarzia en: *El derecho a la Resistencia en el constitucionalismo moderno*. Universidad Católica de Santiago de Guayaquil, 2011, pp. 13-25.

9 Ermanno Vitale: *Defenderse del poder. Por una resistencia constitucional*. Editorial Trotta, 2012.

10 Juan Ignacio Ugarte mendia: <<El derecho de resistencia y su constitucionalización>>, op.cit. pp. 241. Julieta Marcone: <<Las razones de la desobediencia civil en las sociedades democráticas>>, *Andamios*, Vol. 5, Núm. 10, (2009), pp. 42.

Obxección de conciencia e Insubmisión

A obxección de conciencia é unha figura que está recollida na lexislación de moitos países. En xeral, enténdese por obxección de conciencia o dereito que asiste a todo cidadán para declararse incapaz de cumprir determinados mandatos ou normas da autoridade que lle obrigan a realizar accións ou condutas contrarias á súa conciencia. Neste caso, o obxector desacata a lei invocando o imperativo da súa conciencia; desobedece a norma porque é contraria ás súas conviccións morais ou relixiosas e, polo tanto, non apela ás conviccións de xustiza da comunidade senón ás súas propias. O que aquí se presentan son, esencialmente, argumentos de tipo individual polo que non prima o obxectivo dunha transformación social ou dun logro colectivo. Por esta razón, o obxector procura unha excepción individual á obriga ou deber sen pretender a derogación ou mudanza da norma. A obxección implica, deste xeito, un acto persoal, unha conduta omisiva e non violenta, normalmente de carácter privado¹¹.

Como podemos comprobar, a obxección ven sendo o resultado dun conflito entre o dereito e os motivos éticos persoais sen constituir, de principio, unha estratexia política. O seu recoñecemento legal consisite, na meirande parte das lexislacións, nunha excepción ao cumprimento de determinados deberes. Estes adoitan ser, sobre todo, a prestación do servizo militar e á realización de abortos para os facultativos dos servizos públicos de saúde. Porén, recentemente, tense recoñecido noutras situacións, como é o caso de prácticas ou o uso de simboloxía relixiosa nos ámbitos educativo e laboral¹².

11 Gilma Liliana Ballesteros Peluffo: *Desobediencia Civil: un análisis político*, op.cit. pp. 285, 317-318.

12 María José Falcón y Tella: <<Objección de conciencia y desobediencia civil: similitudes y diferencias>>, *Anuario de Derechos Humanos. Nueva Época*, Vol. 10, (2009), pp. 171-182. Ver tamén: Santiago Cañamares Arribas: <<La evolución de la doctrina del Tribunal Europeo de Derechos Humanos en materia de Objeción de Conciencia>>, *Revista de Derecho Público*, Núm. 46, (2014), pp. 37-58.

Unha figura próxima á obxección é a insubmisión. Sen embargo, a diferenza daquela, o insubmiso non apela á conciencia moral individual, senón que se opón e resiste contra aqueles actos de poder que pretendan someter a vontade. Trátase dunha acción contraria á obediencia esixida por determinados mandatos das institucións. Xurde, xa que logo, nun contexto institucional no que se esixe ou obriga a un individuo a obedecer a un requerimento que viola a súa liberdade. Xurde, así, formulada como unha negación ao sometemento e á dominación. Mais que constituír unha estratexia de transformación social, que como veremos integra a desobediencia civil, aquí predomina unha táctica de oposición a unha limitación por mor dunha imposición do poder¹³. Nalgunas ocasións tense definido como unha especie de obxección ilegal na que se da unha negación aberta a colaborar coa inxustiza; por esta razón hai quen a situa entre a obxección de conciencia e a desobediencia civil¹⁴.

Algo de historia

Pesquisar pola historia da desobediencia e da resistencia á opresión axúdanos a comprender mellor a secuencia progresiva dos principios de xustiza que se van ir sucedendo e concretando a través do tempo, fundamentalmente a partires da Modernidade e, de feito, o debate encol da resistencia figura entre dos máis antigos da civilización occidental. En efecto, xa sexa concibida coma un deber, coma un dereito ou coma unha estratexia, o tema da desobediencia á autoridade foi discutido e formulado por pensadores de moi diversas ideas e crenzas ao longo da historia. Imos pois, a seguir, facer un moi breve

13 Gilma Liliana Ballesteros Peluffo: *Desobediencia Civil: un análisis político*. op.cit. pp. 319-320.

14 *Obxecta ao militarismo español. Nen obrigatorio nen profesional, abolición do exército*. ANOC, Caderno 4.

repaso da desobediencia e da resistencia desde bosquexos e figuras precursoras da mesma até as formulacións máis definidas e contemporáneas

*Na Antigüidade*¹⁵

Xa nos textos bíblicos aparece reflectido un abano de numeroso casos que amosan situacións de desobediencia e de resistenencia, tanto a un rexime político como a mandatos relixiosos. Certamente, resulta abondo significativo que no relato da propia historia da humanidade, a súa autoafirmación e autonomía comece cun acto de desobediencia fronte a Deus tal e coma acontece no mito de Adán e Eva. A súa vez, outros moitos protagonistas do relato bíblico, como Abraham, Noé, Xacobe, Xosé ou Moisés recorreron á desobediencia para mudar o destino dos seus pobos. Son moitos os exemplos de resistencia, activa ou pasiva, perante gobernates inxustos ou ilexítimos coma os de Ester contra Asuero ou Judtih fronte Holofernes. Igualmente na Torá, que contén os cinco primeiros libros da Biblia así como a lei e o patrimonio identitario do pobo xudeo, se empurra a resistir e desobedecer a imposición e a dominación por parte de pobos alleos. De feito, parte da identidade xudea vaise modelar sobre pautas de persecución e resistencia apelando a mitos épicos como o da heroica resistencia de Masada fronte á dominación romana. De igual xeito cómpre, tamén, lembrar as mostras de rebeldía que o propio Xesucristo amosou en varias pasaxes do Novo Testamento e que tanta influencia exercerán ao longo da historia

15 Para ampliar sobre a resistencia no Mundo Antigo ver: Gilma Liliana Ballesteros Peluffo: *Desobediencia Civil: un análisis político*, op.cit. pp. 39-60. Aline Rivera: *La resistencia a la opresión, un derecho fundamental*, op.cit. pp. 61-64. Hernán A. Ortiz Rivas: *Obediencia al derecho, desobediencia civil y objeción de conciencia*, Editorial Temis S.A. 1998, pp. 11-13. Montserrat Jiménez Sureda: <<La fundamentación judeo-cristiana del derecho de resistencia y del derecho a la revolución>>, Intus-Legere *Historia*, Vol. 14, Núm. 2, (2020), pp. 263-295.

coma exemplo de resistencia pasiva motivada por motivos de conciencia.

Entre os actos de desobediencia máis coñecido da mitoloxía grega figuran os de Prometeo e os de Antígona. No primeiro caso temos o compromiso de Prometeo cos seres humanos, desafiando e desobedecendo ao propio Zeus; no segundo, o de Antígona, encarnando un ideal de xustiza e de respecto por cima das leis humanas que se escenifica no trágico conflito entre a obediencia ao dereito e a propia conciencia persoal. Resulta moi importante salientar, así mesmo, que a denuncia da tiranía, como un rexime de dominación e de ausencia de equidade, vai percorrer toda a literatura e pensamento da antiga Grecia, como acontece nas obras de Eurípides, Xenofonte, Platón ou Aristóteles. Reflectindo esa mesma preocupación, na obra dos estoicos abordárase o aspecto da ilexitimidade no exercicio do poder, o que servirá a posteriori para a xustificación do tiranicidio; cuestión esta que comezará a tomar unha forma máis definida en autores romanos coma Cicerón, Plutarco ou Polibio.

Mención particular merece o caso de Sócrates, dado que ten sido considerado un dos primeiros exemplos de obxección de conciencia da historia xa que afirmaba que as leis contrarias á conciencia individual non deberían ser obedecidas. Aínda sabendo que a súa condena a morte era inxusta, Sócrates aceptou a pena imposta malia que na Atenas desa época era unha práctica aceptada que, en situacións semellantes, os cidadáns influíntes poidesen marchar ao exilio. En realidade, con esta actitude e con esta negativa de Sócrates a escapar prodúcese un desafío, un acto de rebeldía e unha afrenta ao poder que interpelan tanto á sociedade como ao propio poder que o condena, reclamando claramente unha percepción moral da inxustiza cometida.

ÍNDICE

Resistir a opresión.....	7
Que significa resistir?	7
Dimensións da resistencia	9
Revolución e levantamentos populares	9
Resistencia constitucionalizada e Resistencia constitucional	11
 Obxección de conciencia e Insubmisión.....	13
Algo de historia	14
Na Antigüidade.....	15
Na Idade Media	17
Na Idade Moderna	18
Ilustración e época contemporánea	20
 Un achegamento ao concepto de desobediencia civil.....	25
As múltiples facetas	25
As versións doutrinais contemporáneas	26
Características	30
Límites.....	32
Lóxica e condicións.....	33
Algúns exemplos para lembrar.....	34
 A obriga política de obediencia ao dereito.....	39
A obediencia ao dereito e a obriga política	39
As teorías da obediencia ao Dereito	40
As teorías contractualistas, consensuais ou do consentemento.....	40
As teorías do Fair Play, do xogo limpo ou do deber de gratitude	41
As teorías instrumentais e utilitaristas.....	42
As teorías neocontractulistas	43
As teoría epistémicas.....	44
As razóns da obriga política	45
Razóns para o incumprimento.....	47

Lexitimación e xustificación da desobediencia civil.....	52
Xustificación.....	52
As diversas faces da opresión.....	52
Unha xustificación de abondo.....	54
Lexitimación.....	56
O legal e o lexítimo	56
O suxeito.....	58
Protección xurídica?	59
O castigo e a súa dimensión política	63
As xustificacións da sanción	64
Razóns para limitar o castigo	65
Aceptar o castigo?	68
 A cuestión da violencia	71
Pacifismo e non violencia: principio ou estratexia?	71
Violencia institucional.....	74
A criminalización da protesta.....	76
É lexítimo responder ás agresións?	78
Vantaxes das estratexias non violentas.....	80
 Por unha concepción ampla da desobediencia civil.....	82
Involución democrática e retroceso da condición da cidadanía	82
Unha reformulación necesaria.....	84
As carencias dos enfoques restritivos.....	86
Ir alén das limitacións conceptuais.....	89
Poder constituínte e poder constituído	91
Eivas do enfoque dualista.....	93
Estado de excepción económico e baleiramento do poder constituínte	95
Poder constituínte oligárquico e poder constituínte democrático ..	97
Poderes instituíntes oligárquicos e democráticos.....	99
A desobediencia civil como expresión da soberanía popular.....	100

Desobediencia civil para forxar unha nova sociedade	103
Desobediencia civil e poder desinstituínte emancipador	103
Unha nova institucionalidade	105
A desobediencia civil tamén é social e política	107
Accións e tácticas da desobediencia civil	110
Bibliografía	115